

XEFATURA DO ESTADO

10483 *LEI ORGÁNICA 6/2007, do 24 de maio, pola cal se modifica a Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional. («BOE» 125, do 25-5-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

As democracias modernas baséanse en constitucións dotadas de valor normativo garantido en forma cada vez máis estendida por órganos encargados do control de constitucionalidade, que exercen a xurisdición constitucional. A Constitución española de 1978 inscríbese nesta tradición e recupera o precedente do Tribunal de Garantías establecido pola Constitución española de 1931.

O sistema constitucional español aséntase xa sobre unha práctica política de máis de cinco lustros de experiencia. As súas institucións reveláronse como eficaces instrumentos de regulación da convivencia, e entre elas o Tribunal Constitucional cumpriu cunha tarefa especialmente relevante, como centro de equilibrio do sistema de poderes separados, territorial e funcionalmente, que a Constitución articula. As funcións atribuídas ao Tribunal Constitucional pola Constitución desenvólense na lei orgánica reguladora da institución de acordo co mandado do seu artigo 165: a protección da supremacía constitucional, e a conseguinte depuración do ordenamento das normas contrarias aos mandados constitucionais, complementáanse coa protección de dereitos fundamentais, ben como a resolución de conflitos territoriais. A pretensión do constituínte de dotar da maior eficacia o órgano de control de constitucionalidade é comprensiva de todas e cada unha das mencionadas facetas. A presente reforma pretende reordenar a dedicación que o Tribunal Constitucional outorga a cada unha das súas funcións para cumprir adecuadamente coa súa misión constitucional.

A xurisdición constitucional arrinca das previsións constitucionais do título IX e a configuración legal encomendada ao lexislador orgánico constitúe un elemento relevante que tivo a súa primeira expresión na Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional. Esta norma constituíu o instrumento indispensable para a realización das tarefas a cargo do Tribunal Constitucional e os procedementos nela previstos arraigaron na vida e a consciencia xurídica españolas. A ampla experiencia na súa aplicación reflíctese no gran número de casos presentados e resoltos –en constante incremento até atinxiren no ano 2004 o número de 7.951 asuntos ingresados e 7.823 resolucións ditadas– e tamén deu lugar a varias reformas lexislativas (Lei orgánica 8/1984, do 26 de decembro; Lei orgánica 4/1985, do 7 de xuño; Lei orgánica 6/1988, do 9 de xuño; Lei orgánica 7/1999, do 21 de abril; Lei orgánica 1/2000, do 7 de xaneiro). No entanto, as mencionadas modificacións non tiñan emprendido até o momento unha reforma que afrontase de maneira conxunta as dificultades de funcionamento do Tribunal Constitucional, que é o obxectivo desta lei orgánica.

II

A experiencia acumulada despois de máis de 25 anos de actividade do Tribunal Constitucional desde a súa creación puxo de manifesto a existencia dunha serie de situacións e circunstancias na realidade práctica que co transcurso do tempo chegaron a se converter en problemas para o mellor resultado do traballo do Tribunal. Entre elas destaca, por un lado, o crecemento do número de recursos de amparo, até o punto de ocuparen case todo o tempo e os medios materiais e persoais do Tribunal. Por outro lado, a realidade dos feitos permitiu tamén constatar a lentitude dos procedementos que se desenvolven perante este Alto Tribunal, cuestións todas elas respecto das cales é o momento de dar resposta lexislativa. Neste sentido, esta lei orgánica tenta dar solución a todo este conxunto de problemas, e para isto procede a adecuar a normativa para dar resposta aos problemas e exixencias que derivan da realidade práctica do funcionamento e organización do Tribunal Constitucional.

Así, respecto ao maior desenvolvemento da función de garantía dos dereitos fundamentais en relación coas demais funcións do Tribunal Constitucional, a lei procede a establecer unha nova regulación da admisión do recurso de amparo, a un tempo que lles outorga aos tribunais ordinarios máis posibilidades para revisar as violacións de dereitos fundamentais a través dunha nova regulación da nulidade dos actos procesuais *ex* artigo 241.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial. Trátase de medidas encamiñadas a lograr que a tutela e defensa dos dereitos fundamentais por parte do Tribunal Constitucional sexa realmente subsidiaria dunha adecuada protección prestada polos órganos da xurisdición ordinaria.

III

A lei intensifica o papel das partes litigantes do proceso xudicial en que se suscite unha cuestión de inconstitucionalidade, xa que non soamente se lles permite realizar alegacións sobre a pertinencia de promoveren a cuestión de inconstitucionalidade, senón que tamén se permiten alegacións sobre o fondo da cuestión. Asemade, introdúcese a posibilidade de comparecencia dos litigantes do proceso xudicial perante o Tribunal Constitucional nos 15 días seguintes á publicación no «Boletín Oficial del Estado» da admisión a trámite das cuestións de inconstitucionalidade, para permitir a contradición neste procedemento de constitucionalidade, seguindo nisto as directrices contidas na Sentenza do 23 de xuño de 1993, do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

O elevado número de demandas de amparo provocou un amplo desenvolvemento da función de garantía dos dereitos fundamentais en detrimento doutras competencias do Tribunal Constitucional. O número de solicitudes de amparo e o procedemento legalmente previsto para a súa tramitación son as causas que explican a sobrecarga que na actualidade sofre o Tribunal á hora de resolver estes procedementos de garantía dos dereitos fundamentais. Por esta razón, as reformas que se abordan van dirixidas a dotar o amparo dunha nova configuración que resulte máis eficaz e eficiente para cumprir cos obxectivos constitucionalmente previstos para esta institución. E así, entre as modificacións que se introducen en relación co amparo pódense salientar o cambio na configuración do trámite de admisión do recurso, a habilitación ás seccións para a súa resolución e a reforma do trámite de cuestión interna de constitucionalidade prevista no artigo 55.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro.

A primeira destas novidades é a que afecta a configuración do trámite de admisión do recurso de amparo. É que fronte ao sistema anterior de causas de inadmisión taxadas, a reforma introduce un sistema en que o recorrente debe alegar e probar que o contido do recurso

xustifica unha decisión sobre o fondo por parte do Tribunal en razón da súa especial transcendencia constitucional, dada a súa importancia para a interpretación, aplicación ou xeral eficacia da Constitución. Por tanto, invértese o xuízo de admisibilidade, xa que se pasa de comprobar a inexistencia de causas de inadmisión á verificación da existencia dunha relevancia constitucional no recurso de amparo formulado. Esta modificación sen dúbida axiliará o procedemento ao transformar o exame de admisión actual na comprobación nas alegacións do recorrente da existencia de relevancia constitucional no recurso. Canto á atribución de potestade resolutoria ás seccións en relación coas demandas de amparo, incrementa substancialmente a capacidade de traballo do Tribunal.

Outra novidade significativa encóntrase na introdución dunha nova regulación da cuestión interna de constitucionalidade para os casos en que a estimación do amparo teña a súa causa na aplicación dunha lei lesiva de dereitos ou liberdades públicas. En tales supostos a nova regulación ordena elevar a cuestión ao pleno con suspensión do prazo para ditar sentenza de amparo, de maneira que a cuestión de inconstitucionalidade será resolta polo pleno en ulterior sentenza de conformidade co previsto nos artigos 35 e seguintes da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro.

A protección e garantía dos dereitos fundamentais non é unha tarefa única do Tribunal Constitucional, senón que os tribunais ordinarios desempeñan un papel esencial e fulcral nela. Por isto, e coa intención de aumentar as facultades da xurisdición ordinaria para a tutela dos dereitos fundamentais, modifícase o incidente de nulidade de actuacións do artigo 241.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo. Deste modo introdúcese unha configuración do incidente de nulidade de actuacións moito máis ampla, porque se permite a súa solicitude con base en calquera vulneración dalgún dos dereitos fundamentais referidos no artigo 53.2 da Constitución en lugar da alegación de indefensión ou incongruencia prevista até o momento. Esta ampliación do incidente de nulidade de actuacións previo ao amparo procura outorgarlles aos tribunais ordinarios o papel de primeiros garantes dos dereitos fundamentais no noso ordenamento xurídico.

As modificacións do réxime interno e da organización do Tribunal son consecuencia da experiencia de anos de funcionamento durante os cales se detectaron carencias temperadas con solucións provisionais, en xeral, mediante reformas regulamentarias. Algunhas das fórmulas previamente establecidas polo regulamento de organización e funcionamento do Tribunal deben gozar de cobertura legal que esta reforma da lei orgánica lles outorga. Desde a perspectiva dunha flexibilización en prol da eficacia, regulouse a figura, xa existente en virtude do artigo 2.f) do regulamento, do letrado de adscrición temporal, ben como a apertura do corpo de letrados a especialistas de todas as ramas do dereito, eliminando o requisito de especialización en dereito público que enunciaba o antigo artigo 97.3 e permitindo a súa configuración de acordo coas disposicións regulamentarias, de modo que sexa o propio Tribunal Constitucional o que fixe a caracterización máis adecuada.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.*

A Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4.

1. En ningún caso se poderá promover cuestión de xurisdición ou competencia ao Tribunal Constitucional. O Tribunal Constitucional delimitará o ámbito da súa xurisdición e adoptará cantas medi-

das sexan necesarias para a preservar, incluíndo a declaración de nulidade daqueles actos ou resolucións que a menoscaben; tamén poderá apreciar de oficio ou por instancia de parte a súa competencia ou incompetencia.

2. As resolucións do Tribunal Constitucional non poderán ser axuízadas por ningún órgano xurisdiccional do Estado.

3. Cando o Tribunal Constitucional anule un acto ou resolución que contraveña o disposto nos dous números anteriores, debeo facer motivadamente e precedendo audiencia ao Ministerio Fiscal e ao órgano autor do acto ou resolución.»

Dous. O número 1 do artigo 6 queda redactado como segue:

«1. O Tribunal Constitucional actúa en pleno, en sala ou en sección.»

Tres. O artigo 8 terá a seguinte redacción:

«Artigo 8.

1. Para o despacho ordinario e a decisión ou proposta, segundo proceda, sobre a admisibilidade ou inadmisibilidade de procesos constitucionais, o Pleno e as salas constituirán seccións compostas polo respectivo presidente ou quen o substitúa e dous maxistrados.

2. Daráselle conta ao Pleno das propostas de admisión ou inadmisión de asuntos da súa competencia. No caso de admisión, o Pleno poderá deferir á sala que corresponda o coñecemento do asunto de que se trate, nos termos previstos nesta lei.

3. Poderá corresponder tamén ás seccións o coñecemento e resolución daqueles asuntos de amparo que a sala correspondente lles defira nos termos previstos nesta lei.»

Catro. O artigo 10 terá a seguinte redacción:

«Artigo 10.

1. O Tribunal en Pleno coñece dos seguintes asuntos:

a) Da constitucionalidade ou inconstitucionalidade dos tratados internacionais.

b) Dos recursos de inconstitucionalidade contra as leis e demais disposicións con valor de lei, excepto os de mera aplicación de doutrina, cuxo coñecemento se poderá atribuír ás salas no trámite de admisión. Ao atribuír á sala o coñecemento do recurso, o Pleno deberá sinalar a doutrina constitucional de aplicación.

c) Das cuestións de constitucionalidade que reserve para si; as demais deberanse deferir ás salas segundo unha quenda obxectiva.

d) Dos conflitos constitucionais de competencia entre o Estado e as comunidades autónomas ou dos destas entre si.

e) Das impugnacións previstas no número 2 do artigo 161 da Constitución.

f) Dos conflitos en defensa da autonomía local.

g) Dos conflitos entre os órganos constitucionais do Estado.

h) Das anulacións en defensa da xurisdición do Tribunal previstas no artigo 4.3.

i) Da verificación do cumprimento dos requisitos exixidos para o nomeamento de maxistrado do Tribunal Constitucional.

j) Do nomeamento dos maxistrados que deben integrar cada unha das salas.

k) Da recusación dos maxistrados do Tribunal Constitucional.

l) Do cesamento dos maxistrados do Tribunal Constitucional nos casos previstos no artigo 23.

m) Da aprobación e modificación dos regulamentos do Tribunal.

n) De calquera outro asunto que sexa competencia do Tribunal pero pida para si o Pleno, por proposta do presidente ou de tres maxistrados, ben como dos demais asuntos que lle poidan ser atribuídos expresamente por unha lei orgánica.

2. Nos casos previstos nas alíneas d), e) e f) do número anterior, no trámite de admisión a decisión de fondo poderase atribuír á sala que corresponda segundo unha quenda obxectiva, o que se comunicará ás partes.

3. O Tribunal en Pleno, en exercicio da súa autonomía como órgano constitucional, elabora o seu orzamento, que se integra como unha sección independente dentro dos orzamentos xerais do Estado.»

Cinco. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15.

O presidente do Tribunal Constitucional exerce a representación do Tribunal, convoca e preside o Tribunal en Pleno e convoca as salas; adopta as medidas precisas para o funcionamento do Tribunal, das salas e das seccións; comunica ás cámaras, ao Goberno ou ao Consello Xeral do Poder Xudicial, en cada caso, as vacantes; nomea os letrados, convoca os concursos para cubrir as prazas de funcionarios e os postos de persoal laboral, e exerce as potestades administrativas sobre o persoal do Tribunal.»

Seis. Introdúcese un segundo parágrafo no número 1 do artigo 16 do seguinte teor:

«Os maxistrados propostos polo Senado serán elixidos entre os candidatos presentados polas asembleas lexislativas das comunidades autónomas nos termos que determine o regulamento da cámara.»

Sete. O artigo 16.2, 3 e 4 quedará redactado como segue:

«2. Os candidatos propostos polo Congreso e polo Senado deberán comparecer previamente ante as correspondentes comisións nos termos que dispoñan os respectivos regulamentos.

3. A designación para o cargo de maxistrado do Tribunal Constitucional farase por nove anos, renovándose o Tribunal por terceiras partes cada tres. A partir dese momento producirase a elección do presidente e do vicepresidente de acordo co previsto no artigo 9. Se o mandato de tres anos para que foron designados como presidente e vicepresidente non coincidir coa renovación do Tribunal Constitucional, tal mandato quedará prorrogado para que finalice no momento en que a renovación se produza e tomen posesión os novos maxistrados.

4. Ningún maxistrado poderá ser proposto ao Rei para outro período inmediato, salvo que tivese ocupado o cargo por un prazo non superior a tres anos.»

Oito. O artigo 20 terá a seguinte redacción:

«Artigo 20.

Os membros da carreira xudicial e fiscal e, en xeral, os funcionarios públicos nomeados maxistrados e letrados do Tribunal pasarán á situación de servizos especiais na súa carreira de orixe.»

Nove. Modifícase o número 2 e engádese un número 3 ao artigo 35 coa seguinte redacción:

«2. O órgano xudicial soamente poderá formular a cuestión unha vez concluso o procedemento e dentro do prazo para ditar sentenza, ou a resolución xurisdiccional que proceda, e deberá concretar a lei ou norma con forza de lei cuxa constitucionalidade se cuestiona, o precepto constitucional que se supón infrinxido e especificar ou xustificar en que medida a decisión do proceso depende da validez da norma en cuestión. Antes de adoptar mediante auto a súa decisión definitiva, o órgano xudicial oír as partes e o Ministerio Fiscal para que no prazo común e improrrogable de 10 días poidan alegar o que desexen sobre a pertinencia de formular a cuestión de inconstitucionalidade, ou sobre o fondo desta; seguidamente e sen máis trámite, o xuíz resolverá no prazo de tres días. O auto non será susceptible de recurso de ningunha clase. Non obstante, a cuestión de inconstitucionalidade poderá ser intentada de novo nas sucesivas instancias ou graos en tanto non se chegue á sentenza firme.

3. A formulación da cuestión de constitucionalidade orixinará a suspensión provisoria das actuacións no proceso xudicial até o Tribunal Constitucional se pronunciar sobre a súa admisión. Producida esta, o proceso xudicial permanecerá suspendido até o Tribunal Constitucional resolver definitivamente sobre a cuestión.»

Dez. Introdúcese un número 2 novo do artigo 37 (pasando o actual 2 da lei a número 3) coa seguinte redacción:

«2. Publicada no “Boletín Oficial del Estado” a admisión a trámite da cuestión de inconstitucionalidade, os que sexan parte no procedemento xudicial poderán comparecer perante o Tribunal Constitucional dentro dos 15 días seguintes á súa publicación, para formularen alegacións, no prazo doutros 15 días.»

Once. O número 2 do artigo 40 queda redactado como segue:

«2. En todo caso, a xurisprudencia dos tribunais de xustiza ditada sobre leis, disposicións ou actos axuizados polo Tribunal Constitucional deberase entender corrixida pola doutrina derivada das sentenzas e autos que resolvan os procesos constitucionais.»

Doce. O número 2 do artigo 41 queda redactado como segue:

«2. O recurso de amparo constitucional protexe, nos termos que esta lei establece, fronte ás violacións dos dereitos e liberdades a que se refire o número anterior, orixinadas polas disposicións, actos xurídicos, omisións ou simple vía de feito dos poderes públicos do Estado, as comunidades autónomas e demais entes públicos de carácter territorial, corporativo ou institucional, ben como dos seus funcionarios ou axentes.»

Trece. O número 1 do artigo 43 queda redactado como segue:

«Artigo 43.

1. As violacións dos dereitos e liberdades antes referidos orixinadas por disposicións, actos xurídicos, omisións ou simple vía de feito do Goberno ou das súas autoridades ou funcionarios, ou dos órganos executivos colexiados das comunidades autónomas ou das súas autoridades ou funcionarios ou axentes, poderán dar lugar ao recurso de amparo

unha vez que se tivese esgotado a vía xudicial procedente.»

Catorce. O artigo 44 queda redactado como segue:

«Artigo 44.

1. As violacións dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional que teñan a súa orixe inmediata e directa nun acto ou omisión dun órgano xudicial, poderán dar lugar a este recurso sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

a) Que se esgotasen todos os medios de impugnación previstos polas normas procesuais para o caso concreto dentro da vía xudicial.

b) Que a violación do dereito ou liberdade sexa imputable de modo inmediato e directo a unha acción ou omisión do órgano xudicial con independencia dos feitos que deron lugar ao proceso en que aquelas se produciron, acerca dos cales, en ningún caso, entrará a coñecer o Tribunal Constitucional.

c) Que se denunciase formalmente no proceso, se houbo oportunidade, a vulneración do dereito constitucional tan axiña como, unha vez coñecida, houber lugar para isto.

2. O prazo para interpor o recurso de amparo será de 30 días, a partir da notificación da resolución ditada no proceso xudicial.»

Quince. O artigo 48 queda redactado como segue:

«Artigo 48.

O coñecemento dos recursos de amparo constitucional corresponde ás salas do Tribunal Constitucional e, se for o caso, ás seccións.»

Dezaseis. Os números 1 e 4 do artigo 49 quedan redactados como segue:

«1. O recurso de amparo constitucional iníciase mediante demanda en que se exporán con clarezza e concisión os feitos que a fundamenten, citáranse os preceptos constitucionais que se consideren infrinxidos e fixarase con precisión o amparo que se solicita para preservar ou restablecer o dereito ou liberdade que se considere vulnerado. En todo caso, a demanda xustificará a especial transcendencia constitucional do recurso.

4. De se incumprir calquera dos requisitos establecidos nos números que anteceden, as secretarías de Xustiza porano de manifesto ao interesado no prazo de 10 días, co apercibimento de que, se non se emendar o defecto, se acordará a inadmisión do recurso.»

Dezasete. O artigo 50 queda redactado como segue:

«Artigo 50.

1. O recurso de amparo debe ser obxecto dunha decisión de admisión a trámite. A sección, por unanimidade dos seus membros, acordará mediante providencia a admisión, en todo ou en parte, do recurso soamente cando concorran todos os seguintes requisitos:

a) Que a demanda cumpra co disposto nos artigos 41 a 46 e 49.

b) Que o contido do recurso xustifique unha decisión sobre o fondo por parte do Tribunal Constitucional en razón da súa especial transcendencia constitucional, que se apreciará atendendo á súa importancia para a interpretación da Constitución, para a súa aplicación ou para a súa xeral eficacia, e para a determinación do contido e alcance dos dereitos fundamentais.

2. Cando a admisión a trámite, mesmo obtendo a maioría, non alcance a unanimidade, a sección trasladará a decisión á sala respectiva para a súa resolución.

3. As providencias de inadmisión, adoptadas polas seccións ou as salas, especificarán o requisito incumprido e notificaránselle ao demandante e ao Ministerio Fiscal. Estas providencias soamente poderán ser impugnadas en súplica polo Ministerio Fiscal no prazo de tres días. Este recurso resolverase mediante auto, que non será susceptible de impugnación ningunha.

4. Cando na demanda de amparo concorran un ou varios defectos de natureza emendable, procederá na forma prevista no artigo 49.4; de non se producir a emenda dentro do prazo fixado neste precepto, a sección acordará a inadmisión mediante providencia, contra a cal non caberá recurso ningún.»

Dezaoito. Os números 2 e 3 do artigo 52 quedan redactados como segue:

«2. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo outorgado para as efectuar, a sala poderá deferir a resolución do recurso, cando para a súa resolución sexa aplicable doutrina consolidada do Tribunal Constitucional, a unha das súas seccións ou sinalar día para a vista, se for o caso, ou deliberación e votación.

3. A sala ou, cando for o caso, a sección, pronunciará a sentenza que proceda no prazo de 10 días a partir do día sinalado para a vista ou deliberación.»

Dezanove. O artigo 53 queda redactado como segue:

«Artigo 53.

A sala ou, cando for o caso, a sección, ao coñecer do fondo do asunto, pronunciará na súa sentenza algunha destas disposicións:

- a) Outorgamento de amparo.
- b) Denegación de amparo.»

Vinte. O artigo 54 queda redactado como segue:

«Artigo 54.

Cando a sala ou, se for o caso, a sección coñeza do recurso de amparo respecto de decisións de xuíces e tribunais, limitará a súa función a concretar se se violaron dereitos ou liberdades do demandante e a preservar ou restablecer estes dereitos ou liberdades, e absterase de calquera outra consideración sobre a actuación dos órganos xurisdiccionais.»

Vinte e un. O número 2 do artigo 55 queda redactado como segue:

«2. No suposto de que o recurso de amparo deba ser estimado porque, a xuízo da sala ou, se for o caso, da sección, a lei aplicada lesione dereitos fundamentais ou liberdades públicas, elevarase a cuestión ao Pleno con suspensión do prazo para ditar sentenza, de conformidade co establecido nos artigos 35 e seguintes.»

Vinte e dous. O artigo 56 queda redactado como segue:

«Artigo 56.

1. A interposición do recurso de amparo non suspenderá os efectos do acto ou sentenza impugnados.

2. Isto non obstante, cando a execución do acto ou sentenza impugnados produza un prexuízo ao recorrente que puider facer perder ao amparo a súa

finalidade, a sala, ou a sección no suposto do artigo 52.2, de oficio ou por instancia do recorrente, poderá dispor a suspensión, total ou parcial, dos seus efectos, sempre que a suspensión non ocasione perturbación grave a un interese constitucionalmente protexido, nin aos dereitos fundamentais ou liberdades doutra persoa.

3. Así mesmo, a sala ou a sección poderá adoptar calquera medida cautelar e resolución provisoria prevista no ordenamento, que, pola súa natureza, se poida aplicar no proceso de amparo e tenda a evitar que o recurso perda a súa finalidade.

4. A suspensión ou outra medida cautelar poderase pedir en calquera tempo, antes de se pronunciar a sentenza ou decidir o amparo doutro modo. O incidente de suspensión substanciarase con audiencia das partes e do Ministerio Fiscal, por un prazo común que non excederá tres días e co informe das autoridades responsables da execución, se a sala ou a sección o creren necesario. A sala ou a sección poderá condicionar a denegación da suspensión no caso de que se poida seguir perturbación grave dos dereitos dun terceiro, á constitución de caución suficiente para responder dos danos ou prexuízos que se poidan orixinar.

5. A sala ou a sección poderá condicionar a suspensión da execución e a adopción das medidas cautelares á satisfacción polo interesado da oportuna fianza suficiente para responder dos danos e prexuízos que se poidan orixinar. A súa fixación e determinación poderase delegar no órgano xurisdiccional de instancia.

6. En supostos de urxencia excepcional, a adopción da suspensión e das medidas cautelares e provisionais poderase efectuar na resolución da admisión a trámite. Esta adopción poderá ser impugnada no prazo de cinco días desde a súa notificación, polo Ministerio Fiscal e demais partes comparecidas. A sala ou a sección resolverá o incidente mediante auto non susceptible de recurso ningún.»

Vinte e tres. O número 2 do artigo 73 queda redactado como segue:

«2. Se o órgano a que se dirixe a notificación afirmar que actúa no exercicio constitucional e legal das súas atribucións ou, dentro do prazo dun mes a partir da recepción daquela non rectificar no sentido que lle foi solicitado, o órgano que considere indebidamente asumidas as súas atribucións promoverá o conflito ante o Tribunal Constitucional dentro do mes seguinte. Para tal efecto, presentará un escrito en que se especificarán os preceptos que considera vulnerados e formulará as alegacións que considere oportunas. Este escrito será acompañado dunha certificación dos antecedentes que repute necesarios e da comunicación cursada en cumprimento do establecido no número anterior deste artigo.»

Vinte e catro. Os números 2 e 3 do artigo 85 quedan redactados como segue:

«2. Os escritos de iniciación do proceso presentaranse na sede do Tribunal Constitucional dentro do prazo legalmente establecido. Os recursos de amparo tamén se poderán presentar até as 15 horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo de interposición, no rexistro do Tribunal Constitucional, ou na oficina ou servizo de rexistro central dos tribunais civís de calquera localidade, de conformidade co establecido no artigo 135.1 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

O Tribunal determinará regulamentariamente as condicións de emprego, para os efectos anteriores,

de calquera medio técnico, electrónico, informático ou telemático.

3. O Pleno ou as salas poderán acordar a celebración de vista oral.»

Vinte e cinco. Os números 2 e 3 do artigo 86 quedan redactados como segue:

«2. As sentenzas e as declaracións a que se refire o título VI publicaranse no "Boletín Oficial del Estado" dentro dos 30 días seguintes á data da resolución. Tamén poderá o Tribunal ordenar a publicación dos seus autos na mesma forma cando así o xulgue conveniente.

3. Sen prexuízo no disposto no número anterior, o Tribunal poderá dispor que as sentenzas e demais resolucións ditadas sexan obxecto de publicación a través doutros medios, e adoptará, se for o caso, as medidas que xulgue pertinentes para a protección dos dereitos recoñecidos no artigo 18.4 da Constitución.»

Vinte e seis. O número 1 do artigo 88 queda redactado como segue:

«1. O Tribunal Constitucional poderá pedir aos poderes públicos e aos órganos de calquera Administración pública a remisión do expediente e dos informes e documentos relativos á disposición ou acto orixe do proceso constitucional. Se o recurso foi xa admitido, o Tribunal habilitará un prazo para que o expediente, a información ou os documentos poidan ser coñecidos polas partes para estas alegaren o que conveña ao seu dereito.»

Vinte e sete. O número 2 do artigo 90 queda redactado como segue:

«2. O presidente e os maxistrados do Tribunal poderán reflectir en voto particular a súa opinión discrepante, sempre que fose defendida na deliberación, tanto polo que se refire á decisión como á fundamentación. Os votos particulares incorporaranse á resolución e cando se trate de sentenzas, autos ou declaracións publicaranse con estas no "Boletín Oficial del Estado".»

Vinte e oito. Engádesse un parágrafo segundo ao artigo 92, coa seguinte redacción:

«Poderá tamén declarar a nulidade de calquera resolución que contraveña as ditadas no exercicio da súa xurisdicción, con ocasión da execución destas, precedendo audiencia do Ministerio Fiscal e do órgano que as ditou.»

Vinte e nove. Os números 3 e 4 do artigo 95 quedan redactados como segue:

«3. O Tribunal poderá impor a quen formular recursos de inconstitucionalidade ou de amparo, con temeridade ou abuso de dereito, unha sanción pecuniaria de 600 a 3.000 euros.

4. Poderá impor multas coercitivas de 600 a 3.000 euros a calquera persoa, investida ou non de poder público, que incumpra os requirimentos do Tribunal dentro dos prazos sinalados e reiterar estas multas até o total cumprimento dos interesados, sen prexuízo de calquera outra responsabilidade a que houber lugar.»

Trinta. Os números 1 e 3 do artigo 96 quedan redactados como segue:

«1. Son funcionarios ao servizo do Tribunal Constitucional:

- a) O secretario xeral.
- b) Os letrados.

- c) Os secretarios de xustiza.
- d) Os demais funcionarios que sexan adscritos ao Tribunal Constitucional.»

«3. Os cargos e funcións relacionados neste artigo son incompatibles con calquera outra función, destino ou cargo, ben como co exercicio profesional e coa intervención en actividades industriais, mercantís ou profesionais, mesmo as consultivas e as de asesoramento. Non obstante, poderán exercer aquelas funcións docentes ou de investigación que, a xuízo do Tribunal, non resulten incompatibles co mellor servizo deste.»

Trinta e un. O artigo 97 queda redactado como segue:

«Artigo 97.

1. O Tribunal Constitucional estará asistido por letrados que poderán ser seleccionados mediante concurso-oposición entre funcionarios públicos que accedesen a un corpo ou escala do grupo A na súa condición de licenciados en dereito, de acordo co regulamento do Tribunal, ou ser libremente designados en réxime de adscrición temporal, polo mesmo Tribunal, nas condicións que estableza o regulamento, entre avogados, profesores de universidade, maxistrados, fiscais ou funcionarios públicos que accedesen a un corpo ou escala do grupo A na súa condición de licenciados en dereito. Os nomeados quedarán na súa carreira de orixe en situación de servizos especiais por todo o tempo en que presten os seus servizos no Tribunal Constitucional.

2. Durante os tres anos inmediatamente posteriores ao cesamento nas súas funcións, os letrados terán a incompatibilidade a que se refire o artigo 81.3.»

Trinta e dous. O artigo 98 queda redactado como segue:

«Artigo 98.

O Tribunal Constitucional terá un secretario xeral elixido polo Pleno e nomeado polo presidente entre os letrados, cuxa xefatura exercerá sen prexuízo das facultades que corresponden ao presidente, ao Tribunal e ás salas.»

Trinta e tres. O artigo 99 queda redactado como segue:

«Artigo 99.

1. Corresponde tamén ao secretario xeral, baixo a autoridade e instrucións do presidente:

- a) A dirección e coordinación dos servizos do Tribunal e a xefatura do seu persoal.
- b) A recompilación, clasificación e publicación da doutrina constitucional do Tribunal.
- c) A preparación, execución e liquidación do orzamento, asistido polo persoal técnico.
- d) As demais funcións que lle atribúa o regulamento do Tribunal.

2. As normas propias do Tribunal poderán prever supostos de delegación de competencias administrativas do presidente no secretario xeral. Do mesmo modo poderase prever a delegación de competencias propias do secretario xeral.

3. Contra as resolucións do secretario xeral poderase interpor recurso dealzada ante o presidente, cuxa decisión esgotará a vía administrativa. Esta decisión será susceptible de ulterior recurso contencioso-administrativo.»

Trinta e catro. O artigo 100 queda redactado como segue:

«Artigo 100.

O Tribunal terá o número de secretarios de xustiza que determine o seu cadro de persoal. Os secretarios de xustiza procederán do corpo de secretarios xudiciais e as vacantes cubriranse por concurso de méritos entre os que puideren ocupar praza no Tribunal Supremo.»

Trinta e cinco. O artigo 102 queda redactado como segue:

«Artigo 102.

O Tribunal Constitucional adscribirá ao seu servizo o persoal da Administración de xustiza e demais funcionarios nas condicións que fixe o seu regulamento. Poderá tamén contratar persoal en réxime laboral para o desempeño de postos que non impliquen participación directa nin indirecta no exercicio das atribucións do Tribunal Constitucional, e cuxas funcións sexan propias de oficios, auxiliares de carácter instrumental ou de apoio administrativo. A contratación deste persoal laboral realizarase mediante procesos de selección axustados aos principios de igualdade, mérito e capacidade.»

Trinta e seis. A disposición adicional primeira queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira.

1. O número de letrados seleccionados mediante concurso-oposición a que se refire o artigo 97.1 non poderá exceder 16.

2. O cadro de persoal do Tribunal Constitucional soamente poderá ser modificado a través da Lei de orzamentos xerais do Estado.»

Disposición transitoria primeira.

A posibilidade de que o Pleno defira ás salas ou estas ás seccións o coñecemento e a resolución de asuntos que en principio corresponde a aquelas, prevista na nova redacción dos artigos 8.2, 10.1.b), 10.2 e 52.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, poderase aplicar aos procesos constitucionais iniciados antes da vixencia desta lei orgánica.

Disposición transitoria segunda.

1. O prazo de trinta días establecido na nova redacción do artigo 44.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional aplicarase se na data de entrada en vigor desta lei orgánica non expirou o prazo establecido na redacción anterior dese precepto, caso en que a parte disporá dos días que resten desde a data inicial do cómputo.

2. A posibilidade de válida presentación de recursos de amparo no día seguinte ao do vencemento do prazo de interposición a que se refire o artigo 85.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional soamente se aplicará se o vencemento ten lugar após a entrada en vigor desta lei orgánica.

Disposición transitoria terceira.

A admisión e inadmisión dos recursos de amparo cuxa demanda se interpuxese antes da vixencia desta lei orgánica rexerese pola normativa anterior. Non obstante, a providencia de inadmisión limitarase a expresar o suposto en que se encontra o recurso.

Disposición transitoria cuarta.

As previsións do artigo 55.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional aplicarase con independencia da data de iniciación do proceso de amparo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 241 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda redactado nos seguintes termos:

«1. Non se admitirán con carácter xeral incidentes de nulidade de actuacións. No entanto, excepcionalmente, os que sexan parte lexítima ou o deberon ser poderán pedir por escrito que se declare a nulidade de actuacións fundada en calquera vulneración dun dereito fundamental dos referidos no artigo 53.2 da Constitución, sempre que non se puidese denunciar antes de recaer resolución que poña fin ao proceso e sempre que esa resolución non sexa susceptible de recurso ordinario nin extraordinario.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 24 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

10484 *ORDE EHA/1433/2007, do 17 de maio, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e a entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006, se ditan instrucións relativas ao procedemento de declaración e ingreso e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática. («BOE» 125, do 25-5-2007.)*

A Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, aprobou dous novos programas de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que son de aplicación aos acontecementos da celebración do «Ano Lebaniego 2006» e da celebración de «Expo Zaragoza 2008». Estes dous novos programas tiveron o seu reflexo nos

modelos de declaración do imposto que se aproban nesta orde.

Así mesmo, a Resolución do 8 de febreiro de 2006, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproban normas para o rexistro, valoración e información dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, describe as contas que con carácter voluntario, nos termos previstos no artigo 2 do Real decreto 1643/1990, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, poden ser empregadas co obxecto de facilitar o rexistro das operacións que se recollen na devandita resolución. Para conseguir a correspondencia de contido das páxinas da declaración do imposto sobre sociedades destinadas ás contas anuais co Plan xeral de contabilidade, modifícase a páxina do modelo 200 destinada ao activo do balance co fin de recoller a nova conta referida aos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

A Lei 4/2006, do 29 de marzo, de adaptación do réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe ás novas directrices comunitarias sobre axudas de Estado ao transporte marítimo e de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e a Lei 25/2006, do 17 de xullo, pola que se modifica o réxime fiscal das reorganizacións empresariais e do sistema portuario e se aproban medidas tributarias para o financiamento sanitario e para o sector do transporte por estrada, introducen, entre outras, diversas modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo (en diante Lei do imposto sobre sociedades) que, ben que non fan necesaria unha adaptación dos modelos tributarios, si son de aplicación aos períodos impositivos que se declaran utilizando os modelos que se aproban nesta orde. En concreto, modifícase o réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe regulada no capítulo XVII do título VII da Lei do imposto sobre sociedades para adaptalo ás novas directrices comunitarias sobre axudas de Estado ao transporte marítimo, modifícase o réxime da reserva para investimentos en Canarias, amplíase ás filiais de calquera nivel a aplicación da dedución por dobre imposición internacional regulada no artigo 32 da Lei do imposto sobre sociedades, incrementase do 10 ao 12 por cento a dedución por investimento ambiental no suposto de adquisición de vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada e modifícase o réxime das fusionés, escisións, achegas de activos, troco de valores regulado no capítulo VIII do título VII da Lei do imposto sobre sociedades por un lado, modificando o seu título para incluír a operación de traslado do domicilio social dunha sociedade anónima europea ou unha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea e, por outro, adaptando o devandito réxime ás modificacións introducidas pola Directiva 2005/19/CE do Consello, do 17 de febreiro, que modifica determinados aspectos da Directiva 90/434/CEE, do 23 de xullo, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusionés, escisións, achegas de activos e trocos de accións realizados entre sociedades de diferentes Estados membros.

Así mesmo, a Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, introduce diversas modificacións na Lei do imposto sobre sociedades de efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da súa entrada en vigor. En concreto, modifícase o réxime de operacións vinculadas e introdúcese determinadas cautelas en relación cos paraísos fiscais.

Igualmente, débese mencionar a Resolución 1/2006, do 15 de xuño, da Dirección Xeral de Tributos, sobre as limitacións á aplicación da dedución por actividades de exportación no imposto sobre sociedades a partir da Decisión da Comisión Europea do 22 de marzo de 2006,